

CEGASAL

MEMORIA SOSTIBILIDADE 2020

www.cegasal.com | info@cegasal.com

**CEGASAL. Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de
Emprego sen Ánimo de Lucro**



Benvido/a a esta memoria	6
Sobre esta Memoria	9
Sobre CEGASAL	11
OS NOSOS SERVIZOS	20
REDE CEGASAL INCLÚE	25
O foco na sostibilidade	27
RELACIÓN COS NOSOS GRUPOS DE INTERESE	27
O noso modelo de gobernanza	33
GOBERNO CORPORATIVO	33
Impacto financeiro	34
VALOR ECONÓMICO DIRECTO	35
VALOR ECONÓMICO DISTRIBUIDO	35
VALOR ECONÓMICO DISTRIBUÍDO	35
Impacto non financeiro	37
COMPROMISO COAS PERSOAS	37
COMPROMISO CO MEDIO AMBIENTE	39
Índice de contidos de GRI	42
Índice de contidos de ODS	45

Benvido/a a esta memoria


Neste ano marcado pola pandemia da COVID 19, quero transmitir o recoñecemento a todas as persoas que fan posible que poidamos seguir transmitindo os valores de afouteza que as persoas que teñen unha discapacidade abandeiran desde sempre. A presentación un ano máis desta memoria é a mostra de que CEGASAL continúa no seu afianzamento na consecución dun obxectivo que nos propuxemos en vías dunha maior transparencia e dación de contas aos nosos asociados e ao tecido social e económico do país. A modo de presentación, presentamos un ano máis a nosa memoria de sostibilidade, coa que dende CEGASAL querémonos dirixir ás nosas persoas, ás entidades asociadas, a organizacións que traballan a prol da inclusión das persoas con discapacidade, a empresas, sindicatos, a provedores, institucións públicas, compañeiras da economía social e, en xeral, a toda a sociedade.

Durante o ano 2020 seguimos na senda da incorporación de novas empresas e corporacións que teñen en conta aos centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS), vendo neles un aliado para conseguir un modelo de negocio máis humano e sustentable. Isto, en parte, foi grazas ao traballo que fai CEGASAL, como entidade aglutinadora dos CEEIS de Galicia. Na actualidade, forman parte de CEGASAL 31 entidades.

Este momento histórico no que presentamos a memoria social de CEGASAL 2020 non é doado. Todo o contrario. A crise derivada da COVID-19 está a afectar a todos os sectores, e os nosos non son unha excepción. O que parecía que ía empezar a ser un mal recordo da historia, porén consolídase como unha crise sen precedentes. Aínda así, demostramos que a Economía Social é a saída, é a oportunidade. Unha oportunidade para impulsar organizacións sostibles, que poñan as persoas no centro dos seus modelos de xestión, que aposten pola diversidade e a integración, non so das persoas con discapacidade senón de todo tipo de colectivos minoritarios, que aposten pola dixitalización, a economía circular, a igualdade.

Queremos seguir dando a coñecer á toda a sociedade o noso traballo e o impacto positivo que estamos a xerar para as persoas con discapacidade en Galicia.

Queremos seguir trasladando este relato, esta forma de facer as cousas, con sentido, para fomentar o emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en risco de inclusión social e para que toda a actividade económica, social e empresarial de Galicia poda medrar dun xeito máis sostible, xusto e equitativo, cos cimentos da cohesión social e do territorio.



**José Antonio Vázquez Freire
Presidente de CEGASAL**



Sobre esta Memoria

Esta memoria de sustentabilidade integra a información de maior relevancia ocorrida en CEGASAL durante o ano 2020. Está elaborado no marco do proxecto **ELABORACIÓN DUNHA GUÍA DE MEDICIÓN DO IMPACTO SOCIAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL.**

O documento foi elaborado de conformidade cos estándares de Global Reporting Initiative (GRI) na súa Opción Esencial. Por esta razón, o informe presenta todos os asuntos que recollen os impactos económicos, ambientais e sociais significativos da nosa organización e que poden influír na toma de decisións dos nosos axentes clave.

Para iso, están identificados e avaliados grazas a unha análise de materialidade onde incluímos a opinión dos nosos grupos de interese. Ademais, completamos a información aportada cos indicadores propios de impacto social dos centros especiais de emprego deseñados no marco deste proxecto.

Seguindo a liña deseñada no ano pasado coa presentación da Memoria 2019, que supuxo o punto de partida continuamos coa medición dos nosos avances en materia de sostibilidade, que seguiremos a abordar anualmente. Da súa lectura despréndese unha diagnose de situación e as necesidades de actuación, os alicerces para seguir construíndo unha Asociación máis consciente das súas fortalezas e debilidades e poder así deseñar un itinerario que nos leve ás metas perseguidas por un bo camiño.

Ante calquera dúbida respecto á información
e os datos contidos nesta memoria poden
contactar con nós en info@cegasal.com



Sobre CEGASAL

CEGASAL é unha asociación empresarial galega aglutinadora de centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS) e/ou de asociacións de persoas con discapacidade. **O seu fin é a defensa, promoción e representación** das entidades. A súa loita, á fin e ao cabo, é a do **emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en situación de risco de exclusión social e a súa inclusión na actividade económica, social e empresarial de Galicia.**

Os CEEIS son un entorno laboral concibido e deseñado especificamente para as persoas con discapacidade, onde as funcións e tarefas desenvolvidas adecuanse a súa situación e necesidades. Os CEEIS deben contar nos seus cadros de persoal con, al menos, un 70% de persoas empregadas con algúnsa discapacidade recoñecida.

O seu obxectivo principal é de realizar unha actividade produtiva de bens ou servizos, participando regularmente nas operacións do mercado e teñen como finalidade o asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade.

Entre as **funcións** que desenvolve CEGASAL atópanse:

- a negociación colectiva no sector.
- diálogo social.
- a participación institucional.
- a xestión económica ou a promoción empresarial.




Asociación Ámbar

A fortaleza de CEGASAL reside nas súas entidades asociadas. Na actualidade contamos con **31 entidades asociadas**, centros especiais de emprego e iniciativa social de cinco sectores diferenciados (servizos, restauración, medio ambiente, automoción e outros).

**31
entidades**

As nosas entidades representan un total de **1.802 persoas traballadoras**, das cales **1.620 son persoas con discapacidade**. Do total de empregados/as das nosas entidades, **1.129 son homes e 673 son mulleres**. Facendo unha análise por sexo dos empregados/as con discapacidade, **1.044 son homes e 576 son mulleres**.



**1.802 PERSOAS
TRABALLADORAS**

36% MULLERES

64% HOMES

**90% PERSOAS CON
DISCAPACIDADE**

37% MULLERES

63% HOMES

ACCEDE SOCIAL

Servizos | Transporte

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a ofrecer servizos de transporte adaptado, posibilitando a mobilidade de grupos de persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

ACTIVA SOCIAL ETT

Servizos | Emprego e colocación

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social de traballo temporal, que ofrece soluciós de contratación temporal ás

empresas de Galicia que buscan integrar persoas con discapacidade nos seus cadros de persoal.

AIXIÑA

Varios | Servizos sociosanitarios, restauración e talleres de montaxe

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que realiza tres liñas de servizos diferenciados: prestación de servizos sociosanitarios, servizos de restauración en locais e a domicilio e talleres de montaxes.

AMBAR ACCIÓN SOCIAL

Servizos | Asistencia persoal

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á organización, realización e xestión de servizos de asistencia persoal.

ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL

Alimentación e restauración | Elaboración de sidra, zumes e pulpas naturais

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que busca a inserción laboral de persoas con enfermidade mental residentes nas áreas rurais da comarca Ulla-Sar e a Mancomunidade de Ordes.

ARTEGALIA

Varios | Loxística

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á distribución especializada en: embalaxes, roupa laboral, EPIS, produtos químicos, traballos de manipulación, empaquetados, etc.

ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE AUTOTAXI

Servizos | Transporte

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a proporcionar ás persoas usuarias servizos de transporte adaptado de taxi, a través da central de Radiotaxi na área de Santiago de Compostela.

ASPAMADIS

Medio ambiente | Xardinería e limpeza

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a actividades de xardinería e limpeza mediante a integración de persoas con discapacidade intelectual.

COMBINA SOCIAL

Servizos | Consultaría, benestar e auxiliares

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á organización de servizos auxiliares para empresas como: recepción, limpeza, conserxería, control de accesos, loxística, procesos industriais e consultaría especializada en accesibilidade universal.

COREGAL

Medio ambiente | Xestión de residuos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social fundado en 1994. Dedícase á xestión integral de residuos para a redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos non perigosos, reincorporando ao ciclo de consumo materiais e minimizando o depósito en vertedoiros.

CUALICAR

Automoción | Comercialización de vehículos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á comercialización de vehículos seminovos, vehículos de quilómetro cero.

DIXARDIN

Medio ambiente | Xardinería e paisaxismo

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a servizos integrais de xardinería e paisaxismo.

EMPREGO SOCIAL

Varios | Xardinería, limpeza e cerámica

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social vinculado á Asociación Prol Enfermos Mentais da Coruña que conta con catro liñas: xardinería, producción de plantas de tempada, limpeza viaria e de instalacións e modelaxe en cerámica.

ERIT

Medio ambiente | Xardinería

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro da Asociación Itinera, voluntarios en saúde mental, dedicado ao traballo de xardinería e mantemento de zonas verdes e dirixido á inserción laboral de persoas con trastornos mentais.

GES

Servizos | Consultaría, benestar e auxiliares

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á xestión empresarial e consultaría.

GRAFINCO

Varios | Servizos gráficos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao deseño especializado e impresión cunha ampla gama de produtos gráficos sobre todo tipo de soportes.

HORNOS LAMASTELLE

Alimentación | Elaboración de empanadas e sobremesas

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social do sector da alimentación, dedícase á fabricación e distribución de empanada galega, Torta de Santiago e biscoitos.

I-LAB

Varios | Xoiería

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á xoiería e artesanía galega ademais de realizar un servizo de transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida.

ILUNION RETAIL E COMERCIALIZACIÓN

Varios | Venda de prensa e outros

CEE especializado en tendas de prensa local, nacional e internacional, revistas de divulgación xeral e específica, libros e agasallos. Situadas en centros hospitalarios de España.

ILUNION CEE OUTSOURCING, S.S

Varios | Servizos gráficos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao deseño e xestión de proxectos de *outsourcing* en procesos intensivos en man de obra, implantando solucións innovadoras.

ILUNION LAVANDERÍA

Servizos | Lavanderías industriais

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á adquisición, tenencia, subministro, aluguer de todo tipo de roupa e lenzaría e a explotación comercial de lavanderías industriais, así como á promoción, dirección, xestión e administración de centros especiais de emprego, que teñan como obxecto principal a explotación comercial de lavanderías industriais.

ILUNION LIMPEZA E MEDIO

Medio ambiente | Limpeza

CEEIS dedicado a executar plans globais para a limpeza de todo tipo de instalacións, entre as que destacan edificios e locais, hipermercados e grandes superficies, centros hospitalarios, centros educativos e instalacións deportivas, fábricas e grandes cadeas de montaxe. Infraestruturas do transporte: portos, aeroportos e ferrocarrís.

ILUNION SERVIZOS INDUSTRIAIS

Automoción | Loxística e ensamblado de pezas

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social do sector auxiliar da automoción dedicado á inxección de plásticos e forrado de compoñentes de vehículos. Especialistas en varios servizos loxísticos, ensamblados en procesos industriais e controis de calidade, reparación de pezas defectuosas e seleccións.

INTEGRATEX

Varios | Téxtil e complementos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que consta de tres franquías de INDITEX que comercializan produto *outlet* (Massimo Dutti, TEMPE e Pull& Bear), xestionadas por persoas con discapacidade.

SERVILAR

Servizos | Limpeza, lavandería industrial e manipulados

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social promovido pola Fundación Lar que nace co obxectivo de雇用 persoas con Trastorno Mental Grave (TMG) (limpeza, lavandería industrial e manipulados).

MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL

Servizos sociosanitarios

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social con dúas liñas de actividade: servizos de atención socio sanitaria e servizos auxiliares a empresas e organizacións.

PRODUTORES DE CARNE DA RIBEIRA SACRA

Alimentación e restauración | Producción e comercialización de carne e derivados

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á cría de gando con venda por xunto dos produtos derivados, así como comercialización directa en carnicería propia.

TRAMEVE

Medio ambiente | Centro de tratamiento de vehículos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social cualificado como centro de tratamiento de vehículos fóra de uso por sinistro ou fin de vida útil (C.A.T.).

TRÉBORE XARDINERÍA

Medio ambiente | Xardinería

Xardinería tanto pública como privada, así como producción e cultivo de plantas ornamentais en maceta, para a comercialización no mercado almacenista.

TRÉBORE

Varios | Limpeza e agasallos de empresa

Ligado á Fundación Paideia dedicado a dúas áreas: servizo de mantemento e limpeza de edificios e deseño gráfico e agasallo de empresa.

VIVEIROS VALADARES

Medio ambiente | Xardinería e viveiros

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a servizos de xardinería. Tamén xestiona varios invernadoiros a través dos cales produce e comercializa plantas, arbustos e árbores.



Aspadamis

OS NOSOS SERVIZOS

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Nas nosas oficinas, ofrecemos apoio ás iniciativas empresariais, así como desenvolvemos a actividade administrativa e técnica da entidade, facilitando asesoramento sobre axudas, lexislación, proxectos e atención de consultas. Accións concretas que desenvolvemos neste ámbito son:

- Envío dun dossier diario e circulares informativas.
- Resolución de consultas, asistencia técnica xurídica en contratación, recursos administrativos, laboral.
- Difusión de licitacións públicas.
- Localización e difusión de diferente normativa de aplicación.
- Liña de asesoramento en convxuntura COVID19. Normativa de aplicación.

INTEGRACIÓN VERTICAL

Participamos en diferentes foros e entidades asociativas a nivel nacional e autonómico, o cal nos permite ter a capacidade de responder con maior rapidez ás necesidades das nosas entidades asociadas.

A nivel autonómico estamos presentes en:

- Confederación de Empresarios de Galicia.
- Círculo de Empresarios de Galicia.
- Rede Eusumo.
- Foro pola Economía Social Galega.
- Cámara de Comercio de A Coruña

A nivel estatal estamos presentes en:

- AECEMCO. Asociación Empresarial de Centros Especiais de Emprego.
- FEACEM. Federación Empresarial de Asociacións de Centros Especiais de Emprego.
- CEPES. Confederación Empresarial Española de la Economía Social, como membro de FOROESGAL.

RELACIONES LABORAIS

Na **área de negociación colectiva**, fixemos o seguimento do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego asinado no ano precedente e tratamos de determinar as condicións mínimas que se deben garantir nas iniciativas, especialmente nos seus

primeiros anos de andaina ou en momentos de maior recesión económica, primando neste caso, polo mantemento do emprego creado.

O convenio colectivo firmouse o 25 de novembro de 2019 e quedou aprobado coa publicación no DOG da RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación do Convenio colectivo galego de centros especiais de emprego.

O noso obxectivo nos vindeiros anos para alcanzar nesta área sería que a totalidade dos CEEIS aplicasen convenios de sector.

FORMACIÓN

Para dar resposta ás necesidades do sector na área de formación, organízanse accións específicas teórico-prácticas con metodoloxías adecuadas a cada grupo e contando cos mellores colaboradores.

Destacou a continuidade do proxecto formativo **HORNEANDO FUTURO**, programa de formación para o emprego de persoas con trastorno mental e/ou depresión na industria alimentaria. Foi unha iniciativa que desenvolvemos en colaboración coa nosa entidade Hornos Lamastelle no que participaron **12 persoas con discapacidade** e que asistiron a **250 horas de formación**. E a posta en marcha do curso **SEMENTANDO ILUSIONS** no sector da xardinería. A súa efectiva realización houbo de ser adiada pola situación sanitaria, mais traballouse no deseño de toda a infraestrutura durante o 2020 así como no convenio coa Consellería de Sanidade, nomeadamente co departamento de Saúde mental para o desenvolvemento do mesmo.

COLABORACIÓN EMPRESARIAL

Mediante a materialización de acordos ou actividades que melloran a competitividade dos centros especiais de emprego asociados, adoptamos distintos tipos de cooperación segundo o obxectivo económico ou social a alcanzar.

- Convenios de colaboración.
- Acordos de cooperación con provedores.
- Intercambios.

En 2020 asinamos cinco novos convenios de colaboración:

- coa Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia APE Galicia

- FEACEM Federación Empresarial Española de Asociaciones de Centros Especiales de Empleo.
- GES, Galega de Economía Social
- ForoESgal, Foro pola economía social Galega
- Alianza Otsuka-Lundbeck

PROXECTOS DE IMPACTO SOCIAL

Malia pandemia e as dificultades que xerou para a participación e as relacóns institucionais e sociais, dende CEGASAL seguimos apostando por proxectos en colaboración con entidades públicas e privadas para favorecer as condicóns sociolaborais das persoas con discapacidade en Galicia. Neste senso, en 2020 continuamos os **proxectos de alianzas estratéxicas** para a sensibilización e formación, no que cabe salientar a iniciativa **Prevención de riscos laborais en centros especiais de emprego de iniciativa social** desenvolvida en colaboración co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

Esta campaña tiña coma obxectivos fomentar a importancia da PRL nos centros especiais de emprego e sensibilizar sobre a seguridade no traballo en todos os niveis da empresa. Para conseguilos deseñamos dúas campañas de comunicación unha sobre os riscos asociados ao sector da xardinería e outra con respecto aos riscos psicolaborais en pandemia e postpandemia cuxas presentacións tiveron que ser adiadas na espera dunha mellora na evolución sanitaria.



OUTRAS ACTIVIDADES

Inevitavelmente o confinamento, as medidas impostas por mor da crise sanitaria, a obrigada distancia social, foron obstáculos insalvables para o normal funcionamento da Asociación, aínda así continuamos na labor de promoción dos nosos fins:

1.- Participación telemática en grupos de traballo de organismos públicos. En concreto en:

- Rede Eusumo.
- Consello Galego de Relacións Laborais.
- Consello da Economía Social de Galicia.
- Comisión de seguimento de reserva de contratos.
-

2. Promocións dos CEEIs en diferentes reunións institucionais: destacan as múltiples xuntanzas coa Dirección Xeral de Emprego, Traballo autónomo e Economía Social, coa Dirección Xeral de Relacións Laborais e coa Consellería de Economía e Emprego.

REDE CEGASAL INCLÚE

A **REDE CEGASAL INCLÚE** é un punto de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade atópanse entre os seus grupos de interese, é dicir, manteñen un compromiso con este colectivo na súa xestión, ben como empregadores e/ou compradores, provedores de produtos e servizos,...

A **REDE CEGASAL INCLÚE** naceu para dar a coñecer boas prácticas e fomentar unha nova cultura empresarial inclusiva que entende a diversidade como un activo xerador de valor social e económico.

A **REDE CEGASAL INCLÚE** pretende visibilizar a empresas e entidades referentes en Galicia, responsables e comprometidas coa igualdade de oportunidades, que co seu bo facer

contribúen ao cambio social e á participación das persoas con discapacidade no noso territorio.

24
empresas





O foco na sostibilidade

*En setembro de 2015, Nacións Unidas adoptou un conxunto de 17 obxectivos xerais e 169 metas para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, dentro da nova axenda de desenvolvemento sostible. Son os coñecidos como **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**.*

Os ODS deben terse en conta para avanzar cara un futuro onde a rendibilidade das empresas vaia da man da sostibilidade social e ambiental. Esta ruta é común para todos os actores involucrados no desenvolvemento sostible, incluíndo gobernos, empresas privadas e sociedade civil.

En CEGASAL reiteramos o compromiso de traballar sobre a base do apoio mutuo, a responsabilidade social e a solidariedade. Todo isto nos leva a deseñar e executar proxectos para contribuír á construcción e consolidación dunha economía inclusiva e sustentable.

Por tanto, somos conscientes da importancia de contribuír como entidade á consecución dos ODS. Por iso, na nosa memoria de sostibilidade, para cada un dos capítulos, informamos da nosa contribución a determinadas metas concretas.

RELACIÓN COS NOSOS GRUPOS DE INTERESE

Os grupos de interese son todas aquelas persoas ou grupos de persoas que ben son afectadas pola actividade que desenvolve CEGASAL ou que ben a afectan directamente. Por iso, consideramos imprescindible a participación de todos eles nas diferentes etapas da nosa xestión. Os nosos grupos de interese foron identificados nun obradoiro realizado coas entidades de CEGASAL no marco deste proxecto.

Somos conscientes de que non podemos crear valor de forma sostible e afrontar os retos e oportunidades que xorden na nosa contorna se non se teñen en conta as súas necesidades e expectativas.

En CEGASAL temos identificados oito grupos de interese, que están desagregados en diferentes niveis de interrelación.

Aministracións públicas

1. Xunta de Galicia

- 1. 1. Consellería de Economía, Emprego e Industria
 - Secretaría Xeral de Emprego
 - IGAPE
 - 1.2. Consellería de Política Social
 - Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
 - 1.3. Resto de consellerías
2. Concellos
3. Mancomunidades
4. Deputacións
5. Delegación do goberno

Tecido empresarial

1. Pemes
2. Grandes empresas
3. Rede CEGASAL INCLÚE
4. Círculos de empresarios
5. Cámaras de comercio
6. Confederacións de empresarios
7. Clientela dos asociados de CEGASAL

Diálogo social

1. Asociacións patronais
2. Sindicatos

Provedores

1. Entidades financeiras
2. Provedores de productos/servicios

A familia da economía social

1. Foro da Economía Social de Galicia
2. Outras entidades da economía social galega
 2. 1. Confrarías de pescadores
 - 2.2. Asociacións
 - 2.3. Mancomunidades de montes
 - 2.4. Fundacións
 - 2.5. Mutuas
 - 2.6. Sociedades agrarias de transformación
3. Entidades asociativas da economía social a nivel nacional

Entidades socias de CEGASAL e futuras socias

1. Entidades asociadas actuais
2. CEE de iniciativa social susceptibles de ser asociados de CEGASAL
3. Galega de Economía social

Equipo humano

Sociedade civil

1. Medios de comunicación
2. Pessoas con discapacidade
3. Sociedade en xeral

As principais canles de comunicación cos nosos grupos de interese son a nosa páxina web, as redes sociais, as xuntanzas con entidades socias, a participación en reunións, foros, eventos... e, por suposto, esta memoria de sostibilidade que nace co obxecto de render contas e ser transparente con todos estes colectivos que forman parte de CEGASAL. Fíxose un especial esforzo na posta ao día das conexións telemáticas obrigados pola situación sanitaria.

Dende CEGASAL traballamos para desenvolver proxectos vinculados aos aspectos materiais identificados como prioritarios para os centros especiais de emprego e os nosos grupos de interese. Estes aspectos, vinculados aos diferentes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible son:



Ademais destes asuntos materiais prioritarios tamén desenvolvemos proxectos para contribuir a conseguir a igualdade de xénero, a mellorar a saúde das persoas con discapacidade e a reducir o noso impacto no planeta.



Enfócate Branding



O noso modelo de gobernanza



Meta 16.6. Somos unha organización que cumplimos con todas as esixencias en materia de transparencia impulsadas polo goberno central e autonómico.

GOBERNO CORPORATIVO

Os órganos de goberno constitúense arredor de dúas figuras, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así coma un órgano de control e supervisión. Este órgano está formado por organizacións sindicais e entidades promotoras dos CEEI.

A Xunta Directiva dirixe, goberna e administra a organización e está integrada por:

Presidente	José Antonio Vázquez Freire
Vicepresidente	Manuel Santos Lamas
Vicepresidenta 2	Menchu Iglesias Rey
Secretaria	Esther Blanco Araujo
Tesoureira	Silvia Alende Fandiño
Vogais	Bernaldo José Fernández Requeixo
	Rosa Gutiérrez Mougán
	Herminio Martínez Lago
	Ignacio Rodríguez Sáez

A Xunta Directiva de CEGASAL está composta por nove persoas, que contan cun asesor externo con voz pero sen voto. A composición é de un **60% de homes e un 40%**

de mulleres. O 70% das persoas que a integran son persoas con discapacidade fronte a un 30% que non posúen ningún tipo de discapacidade.

	XUNTA DIRECTIVA			
	Con Discapacidade		Sen Discapacidade	
	Home	Muller	Home	Muller
Menores de 25 anos	0%	0%	0%	0%
Entre 26 e 35 anos	0%	10%	0%	0%
Entre 36 e 45 anos	20%	10%	10%	10%
Entre 46 e 55 anos	0%	10%	0%	0%
Entre 56 e 65 anos	20%	0%	10%	0%




Impacto financeiro



Meta 8.2. Ser sostibles e traballar de forma responsable, poñendo ás persoas con discapacidade no centro da nosa actividade, ten unha reperCUSIÓN directa positiva no resultados económicos de CEGASAL.

VALOR ECONÓMICO DIRECTO

Os ingresos de CEGASAL teñen tres fontes de orixe: os ingresos convencionais (cotas das entidades asociadas, servizos, etc.), subvencións da Xunta de Galicia e doazóns privadas. En total, en 2020 os noso ingresos ascenderon a 160.323,63 €



VALOR ECONÓMICO DISTRIBUIDO

Costes operacionais (mercadorías, materias primas e outras materias consumibles)	17.862,21 €
Salarios e beneficios das persoas empregadas	44.176,28 €
Pagos a provedores de capital	141,85 €
Pagos ao goberno (impostos e taxas)	2.046,43 €
TOTAL (€)	64.226,77 €

En relación á cadea de suministro de CEGASAL, soemos ter como provedores ás propias entidades que forman parte da nosa asociación, contribuíndo así ao desenvolvemento económico dun dos nosos principais grupos de interese. Naqueles casos nos que non atopamos ofertas dentro desta rede, acudimos a outras entidades de economía social ou empresas que cumpran cos nosos estándares de calidade.

VALOR ECONÓMICO DISTRIBUÍDO

VALOR ECONÓMICO DIRECTO	160.323,63 €
VALOR ECONÓMICO DISTRIBUÍDO	64.226,77 €
VALOR ECONÓMICO RETIDO	96.096,93 €

Impacto non financeiro

COMPROMISO COAS PERSOAS



Meta 4.4, 4.5. Unha das nosas prioridades é dar á nosa empregada oportunidades de formación para que poidan adquirir novos coñecementos e desenvolver o seu talento



Meta 5.1. CEGASAL é unha organización comprometida coa igualdade de xénero.



Metas 8.5, 8.6, 8.8. En CEGASAL traballamos nun ambiente laboral estable e seguro, que fomenten a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade e o desenvolvemento profesional.

INFORMACIÓN XERAL

CEGASAL somos unha entidade pequena que contamos con **2 persoas traballadoras**, o **100% mulleres** que, grazas a súa profesionalidade e bo facer, son as artífices de que a asociación pouco a pouco aglutine a máis centros especiais de emprego. É aí reside o noso potencial, o de transformar o mercado de traballo das persoas con discapacidade a través de fomentar os CEEI entre o tecido empresarial.

Unha das traballadoras foi contratada no mes de setembro do ano 2020 grazas á unha liña de axudas da Consellería de Economía e Emprego que fomentaba a contratación de persoas técnicas en Organismos intermedios para fazer fronte a crise económica provocada pola covid 19.

O convenio colectivo de CEGASAL é o de oficinas e despachos, algo que garante que as nosas traballadoras teñan os mesmos dereitos laborais que persoas que traballen noutras organizacións do mesmo sector.

O perfil do noso cadro de persoal é:

SEXO	DISCAPACIDADE	IDADE	LUGAR RESIDENCIA
------	---------------	-------	------------------

Home	0	Con Discapacidade	1	Entre 26 e 35 anos	1	Área urbana	1
Muller	2	Sen Discapacidade	1	Entre 36 e 45 anos	1	Área periurbana	1
Totais	2	Totais	2	Totais	2	Totais	2

O lugar de residencia é importante dende o punto de vista de accesibilidade das persoas con discapacidade. No noso caso, ao ser unha entidade pequena, todas as persoas traballadoras se desprazan en vehículo privado polo que a incidencia do lugar de residencia a nivel de mobilidade non ten gran incidencia.

CALIDADE NO EMPREGO

As persoas que traballan en CEGASAL perciben uns salarios dignos en base ao nivel de vida da nosa comunidade, moi superiores ao salario mínimo vixente por grupo profesional. En 2020, os **gastos de persoal situáronse en 44.176,28 euros**. Do total, **33.549,6** euros eran cantidades satisfeitas en concepto de salarios. E outros **10.626,68** euros eran cotizacións á Seguridade Social das empregadas.

2020	
Salarios	33.549,6
Cotizacións á Seguridade Social	10.626,68
Totais	44.176,28 €

FORMACIÓN

Para CEGASAL é moi importante contribuír activamente ao desenvolvemento profesional do seu cadro de persoal. Durante o 2020 as traballadoras de CEGASAL recibiron 58 horas de formación, relacionadas con aspectos claves do seu posto de traballo:

- **Contratación pública, 6h**
- **Lexislación Covid 19, 20h**
- **Procedementos extrajudiciais e resolución de conflictos (AGA), 12h**
- **Integración de Iguadade entre mulleres e homes nas empresas, 20h**

COMPROMISO CO MEDIO AMBIENTE



Meta 12.2. Nas nosas oficinas realizamos unha xestión eficiente no uso dos recursos naturais, co fin de minimizar o impacto ambiental que é consecuencia das nosas actividades.

En CEGASAL temos un convenio de colaboración co COGAMI, co cal nos ceden un despacho na súa sede de Compostela a cambio dun aluguer asumible para a nosa entidade. Temos un despacho que conta cun posto de traballo totalmente equipado e 100% adaptado.

CONSUMO DE ENERXÍA

O noso despacho conta con iluminación convencional e con tomas de corrente para poder conectar os aparellos eléctricos e electrónicos cos que contamos en CEGASAL.

ENERXÍA ELÉCTRICA REDE

CONSUMO (kWh)	INTENSIDADE ENERXÉTICA (kWh/€)
634	$6,12 \cdot 10^{-3}$

Reportamos a intensidade enerxética en base ás recomendacións de GRI sobre enerxía consumida por unidade monetaria de ingresos.

A instalación térmica coa que contamos nas oficinas basease no emprego de gas natural como combustible para a calefacción e auga quente sanitaria.

ENERXÍA CALORÍFICA GAS NATURAL

CONSUMO (kWh)	INTENSIDADE ENERXÉTICA (kWh/€)
257	$2,48 \cdot 10^{-3}$

Reportamos a intensidade enerxética en base ás recomendacións de GRI sobre enerxía consumida por unidade monetaria de ingresos.

CONSUMO DE AUGA

Os puntos de auga na nosa entidade se limitan aos puntos habilitados nas instalacións sanitarias comúns, ben sexan nos inodoros ou nos lavabos. Non contamos con ningún sistema para minimizar o consumo de auga.

En 2020, consumimos un total de 3,49 m³ de auga. O consumo de auga reduciuse por mor do confinamento e teletraballo. O 100% das augas residuais das oficinas van á rede de sumidoiros municipais.

USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Houbo un cambio significativo con respecto ao ano anterior posto que a obriga do confinamento e o teletraballo incidiu no uso dos recursos reducindo os impactos. Contamos cun sistemas de separación selectiva de residuos tanto perigosos (principalmente, cartuchos de tinta e tóner) coma non perigosos. Neste último apartado hai instalados colectores para poder separar os envases lixeiros, o papel e cartón e a fracción resto.

Ademais, contamos cun punto de máquinas de autoservicio onde contamos con papeleiras para a separación selectiva de envases lixeiros.

RESIDUOS

PERIGOSOS (kg)	NON PERIGOSOS (kg)
1,13	$2,48 \cdot 10^{-3}$

Índice de contidos de GRI

Contido	Números de páxina
PERFIL DA ORGANIZACIÓN	
102-1 Nome da organización	10
102-2 Actividades, marcas, produtos e servizos	21-25
102-3 Localización da sede	37
102-4 Localización das operacións	10
102-5 Propiedade e forma xurídica	10
102-6 Mercados servidos	10
102-7 Tamaño da organización	11-20
102-8 Información sobre empregados e outros traballadores	11, 36
102-9 Cadea de suministro	35
102-10 Cambios significativos na organización e na súa cadea de suministro	35
102-11 Principio ou enfoque de precaución	En CEGASAL opérase sempre desde a perspectiva da legalidade, integrando todos os requisitos necesarios para levar a cabo a actividade conforme á normativa legal.
102-12 Iniciativas externas	Non contamos con certificacións nin estamos adheridos a estándares externos.
102-13 Afiliación a asociacións	21, 23
ESTRATEGIA	
102-14 Declaración de altos ejecutivos responsables da toma de decisións	5-6
102-15 Principais impactos, riscos e oportunidades	5-8
ÉTICA E VALORES	
102-16 Valores, principios, estándares e normas de conducta	10-26
102-17 Mecanismos de asesoramento e preocupacións éticas	Non existe Código de conduta
GOBERNANZA	
102-18 Estrutura de gobernanza	32-33
102-20 Responsabilidade a nivel executivo de temas económicos, ambientais e sociais	Os aspectos vinculados coa sostibilidade son tratados

Contido	Números de páxina
	polo máximo órgano de governo.
102-21 Consulta a grupos de interese sobre temas económicos, ambientais e sociais	Consultas realizadas no marco das diferentes iniciativas realizadas cos grupos de interese.
102-22 Composición do máximo órgano de governo e seus comités	32-33
102-23 Presidente do máximo órgano de governo	32
102-24 Nominación e selección do máximo órgano de governo	32
102-25 Conflitos de interese	En caso de conflitos de interese, convócase ao máximo órgano de governo.
102-26 Función do máximo órgano de governo na selección de propósitos, valores e estratexia	Os aspectos vinculados coa sostibilidade son tratados polo máximo órgano de governo.
PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE	
102-40 Lista de grupos de interese	28-29
102-41 Acordos de negociación colectiva	21
102-42 Identificación e selección de grupos de interese	27
102-43 Enfoque para a participación dos grupos de interese	27-28
102-44 Temas e preocupacións chave mencionados	30
PRÁCTICAS PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES	
102-46 Definición dos contidos dos informes e as Coberturas do tema	8
102-47 Lista de temas materiais	30
102-50 Período obxecto do informe	8
102-51 Data do último informe	8
102-52 Ciclo de elaboración de informes	8
102-53 Punto de contacto para preguntas sobre o informe	8
102-54 Declaración de elaboración do informe de conformidade cos estándares GRI	8
102-55 Índice de contidos GRI	41
ENFOQUE DE XESTIÓN	
103-1 Explicación do tema material e a súa Cobertura	34-41
103-2 O enfoque de xestión e os seus compoñentes	34-41
103-3 Avaliación do enfoque de xestión	34-41
DESEMPEÑO ECONÓMICO	
201-1 Valor económico directo xerado e distribuído	34-35
201-4 Asistencia financeira recibida do governo	34-35

Contido	Números de páxina
PRÁCTICAS DE ADQUISICIÓN	
204 Prácticas de adquisición	35
ANTICORRUPCIÓN	
302-1 Consumo enerxético dentro da organización	38
302-3 Intensidade enerxética	38
302-4 Redución do consumo enerxético	É o segundo ano que medimos este indicador, os cambios veñen dados pola situación de pandemia.
EFLUENTES E RESIDUOS	
306-2 Residuos por tipo e método de eliminación	39
FORMACIÓN E ENSEÑANZA	
404-1 Media de horas de formación ao ano por empleado	37
404-2 Programas para mellorar as aptitudes dos empregados e programas de axuda á transición	37
DIVERSIDADE E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	
405-1 Diversidade en órganos de goberno e empregados	32

Índice de contidos de ODS

OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	META/S	Números de páxina
Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.	4.4 4.5	36-37
Obxectivo 5: Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas.	5.1	36-37
Obxectivo 8: Promover o crecemento económico sustido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos.	8.2 8.5 8.6 8.8	34 36-37
Obxectivo 12: Garantir modalidades de consumo e producción sostibles.	12.2	37-39
Obxectivo 16: Promover sociedades, xustas, pacíficas e inclusivas.	16.6	32-33

CEGASAL